



# XORNADAS

OS OXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EN GALICIA:

## O PAPEL DA SOCIEDADE CIVIL ORGANIZADA

4 de outubro // De 9 a 20 horas // Santiago de Compostela



## OXECTIVO DAS XORNADAS

Dende a aprobación da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a sociedade civil organizada non fixemos unha reflexión conxunta para decidir que papel queremos ter na implementación e impulso da Axenda en Galicia.

Esta xornada servirá para respondernos algunhas preguntas como: para que nos serve a Axenda ás organizacións da sociedade civil? Cal debería ser o noso papel no seu impulso? Con quen e como deberíamos tecer alianzas para conseguilo? Que se está facendo noutros territorios?

A xornada combinará unha primeira parte expositiva, aberta a público, e unha sesión de traballo interno, reflexión e posta en común só para as ONGD socias da Coordinadora.

Non falgas! A túa participación é imprescindible para avanzar!

**INSCRÍBETE AQUÍ>>>** ata o 30 de setembro.

Lugar: Santiago de Compostela (lugar por confirmar)

## PROGRAMA DAS XORNADAS

**SESIÓN DE MAÑÁ** (aberta ao público)

09:00h Recepción de participantes

09:15h

### MESA 1. O papel da sociedade civil organizada ante os ODS

- Oportunidades e desafíos da Axenda 2030, o noso papel como sociedade civil e a experiencia de Futuro En Común
- **Marco Gordillo**, coordinador de campañas de Manos Unidas e membro activo da plataforma Futuro en Común
- O noso papel como sociedade civil no eido da Educación para a Cidadanía Global
- **Irene Ortega**, vogal de incidencia social da Coordinadora Estatal de ONGD e coordinadora de Cidadanía en Entreculturas (por confirmar)

10:30h Pausa café

11:00h

### MESA 2. O futuro dos ODS en Galicia: o papel da Xunta de Galicia e os Concellos

- Presentación do estudo 'A implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible na Xunta de Galicia'
- **Guillermo Santander Campos e Jorge A. Pérez Pineda**, autores do estudo – Universidade Complutense de Madrid.
- O futuro dos ODS en Galicia: o papel da Xunta de Galicia
- **Mª Cruz Ferreira Costa**, Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e representante da Xunta de Galicia no Foro de Alto Nivel para a Axenda 2030
- O futuro dos ODS en Galicia, o papel dos Entes Locais (por confirmar)

12:45h

### MESA 3. As alianzas no impulso dos ODS

- Que papel queren ter en Galicia os distintos actores no ámbito dos ODS? Podemos coordinarnos e sumar sinerxías?

### MESA DE DEBATE COA PARTICIPACIÓN DE:

- Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia)
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento

14:15h

Descanso para comer. Ofreceráse catering ás persoas asistentes

**SESIÓN DE TARDE** ESPAZO DE TRABALLO INTERNO (só para ONGD socias)

15:30h

### EXPERIENCIAS NOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Distintas Coordinadoras de ONGD Autonómicas nas que xa se fixeron avances no eido dos ODS contarán a súa experiencia e as leccións aprendidas no proceso.

16:15 – 20:00h

### SESIÓN DE TRABALLO INTERNA PARA ONGD SOCIAS

Sesión de traballo na que se reflexionará conxuntamente sobre a utilidade da Axenda 2030; o noso papel, como ONGD, na implementación dos ODS en Galicia; e as liñas de acción cara ao futuro.

### SESIÓN DINAMIZADA POR ISI ARGONAUTA

ISI Argonauta é unha consultora especializada na incorporación do enfoque baseado en dereitos humanos na cooperación para o desenvolvemento, a acción social e as políticas públicas.

Dende o ano 2015 prestou especial atención ao desenvolvemento de ferramentas que faciliten a comprensión e aplicación prácticas das sinerxías entre a Axenda 2030 e os dereitos humanos. Neste ámbito ten elaborado guías dirixidas ás organizacións da sociedade civil, acompañado procesos de reflexión internos en plataformas e organizacións e impartido diferentes talleres de capacitación sobre a Axenda 2030 e os dereitos humanos. A consultora ten traballado para organizacións como: Cáritas, Axuda en Acción, Cruz Vermella, Fundación Vicente Ferrer, Coordinadora de ONGD España, Interred, etc.

Organiza \_\_\_\_\_

Financia \_\_\_\_\_